



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

CERTAME LITERARIO 2026

Homenaxe a Rosalía de Castro

A Concellaría de Cultura, a través das bibliotecas municipais, convoca o Certame Literario en homenaxe a Rosalía de Castro, dirixido á rapazada de 4º a 6º de Educación Primaria.

BASES

1. Poderán participar alumnos e alumnas de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
2. Os traballos literarios poderán presentarse en dúas modalidades **manuscritas**:
 - **Poesía libre**: Extensión máxima de 20 versos.ou
 - **Redacción sobre Rosalía**: Extensión máxima de 350 palabras.
3. O idioma dos traballos poderá ser o **galego e o castelán**.
4. Establécese un premio global que, elixido entre os tres primeiros consistirá nunha tablet. O resto dos premios serán vales para a compra de libros de 80, 55 e 35 euros para os primeiros, segundos e terceiros clasificados. O finalista contará con un lote de libros.
5. Os traballos presentaranse do seguinte xeito:
 - Cada traballo (poema ou redacción) debe levar un título e un pseudónimo.
 - Nun sobre pequeno, deberán figurar os datos da persoa participante: pseudónimo, nome, apelidos e teléfono de contacto.
 - O traballo e o sobre pequeno introducíranse nun sobre de maior tamaño para a entrega.
 - Os centros escolares poderán enviar os traballos de xeito conxunto, acompañados dunha listaxe de pseudónimos cos datos correspondentes.
6. A data límite de entrega será o día 12 de febreiro ás 19:30 horas, na Biblioteca Central do Centro Cívico Cultural de Arteixo, no paseo fluvial.
7. As persoas finalistas serán notificadas previamente. Deberán asistir ao acto final, que terá lugar o sábado 28 de febreiro ás 11:30 horas na Capela do Balneario, onde declamarán as súas poesías ou presentarán os seus textos redactados para que o xurado decida os premios definitivos. Os premios entregaranse ao remate do acto.
8. A participación no certame implica a aceptación destas bases. Os traballos non premiados poderán ser recollidos pola rapazada creadora as tras o certame.

CONTAREMOS COA PRESENCIA DE RAMIRO NEIRA PARA A PRESENTACIÓN DO EVENTO